


*Andei por Santiago
pisando estrelas...*

E ti?



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Desde o Concello de Santiago, como capital de Galicia, temos unha responsabilidade excepcional co galego, a nosa lingua propia dentro dese patrimonio mundial da diversidade, a da comunidade que representamos.

Coherentemente con ela, debemos manter e anovar os compromisos adquiridos para darlle maior pulo ao proceso da súa normalización social e, por iso, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas 2024, para alén de divulgar a obra de Luísa Villalta, escritora homenaxeada este ano, comprometémonos a:

- Continuar ampliando o espazo do galego a través de toda a actividade comunicativa do Concello, con constancia e con calidade.
- Continuar garantindo os dereitos lingüísticos de todas as persoas que se relacionen coa Administración municipal e a facilitar os medios para que ninguén sufra discriminación por empregar o galego no acceso a calquera información ou servizo.
- Ser exemplo e a transmitir socialmente que a nosa lingua é a mellor escolla para canalizar e presentar os nosos valores, o noso talento, a nosa cultura ou os nosos produtos ao mundo.
- Impulsar na veciñanza o respecto pola lingua como sinal de identidade de excepcional valor nun mundo globalizado e a apoiar a súa transmisión ás novas xeracións, a súa aprendizaxe, a súa promoción e, en definitiva, o seu desenvolvemento social pleno.
- Continuar dedicando recursos e esforzos a iniciativas que sitúen o galego á mesma altura que calquera outra lingua nos ámbitos culturais, sociais, económicos, formativos, tecnolóxicos etc.
- Colaborar con outras institucións e entidades que compartan estes obxectivos e a traballar xunto con elas en cantas accións sexan posibles para situar a nosa lingua no lugar que lle corresponde.
- E, finalmente, comprometémonos a continuar implicando a sociedade compostelá e as entidades que a articulan nestes fins en favor do noso idioma propio, o galego.

Luísa Villalta
DÍA DAS LETRAS GALEGAS

#AndeiPorSantiago
#PisandoEstrelas

**17
MAIO
2024**